



CHARO PORTELA YÁÑEZ

É filóloga e editora. Subdirectora de Edicións do Castro e Coordinadora de actividades culturais do Instituto Galego de Información ate 2008. Ten publicado *Epistolario de Valentín Paz Andrade*, en colaboración

con Isaac Díaz Pardo (Edicións do Castro, 1997), *Valentín Paz Andrade. Biografía* (Ir Indo, 1998), *Epistolario de Carmen Muñoz Manzano*, en colaboración con Xosé Luís Axeitos (Edicións do Castro, 2005) e *Luís Seoane e a Galicia medieval* (Univ. de Santiago, 2010). En Xerais

publica en 2012 *Valentín Paz Andrade. Biografía e antoloxía* (col. Merlín) e *Valentín Paz Andrade. Vida e obra*.

Forma parte do comité editorial da “Biblioteca del Exilio”, e da directiva da Fundación Premios da Crítica Galicia.

Valentín Paz-Andrade e Lorenzo Varela

CRÓNICA DUNHA AMIZADE

CHARO PORTELA YÁÑEZ

A polifacética personalidade de Valentín Paz Andrade, o escritor a quen este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas, ofrece múltiples posibilidades temáticas para achegarnos á súa figura, á súa vida e á súa obra. Paz-Andrade foi poeta, ensaísta e xornalista, mais tamén avogado, político, especialista en economía pesqueira e empresario. Son moitas as facetas desta personalidade que se caracterizou, por encima de todo, polo compromiso co país.

Valentín Paz-Andrade tivo unha traxectoria vital de tal fondura que se converteu nun home clave na historia do século XX en Galicia, e segundo vai pasando o tempo, vemos medrar a súa verdadeira dimensión humana. Por iso, pensamos que sería bo achegarnos a un aspecto pouco tratado da súa profunda aventura vital: a intensa relación que mantivo con seus amigos emigrados e exiliados, cos que sempre teimou por manter un continuo contacto grazas ás súas viaxes por Europa e América pero, sobre todo, grazas á súa constante comunicación epistolar, servindo de continua fonte de información e de ponte de diálogo entre a Galicia de fóra e a Galicia interior.

Unha actividade na que nunca descansa Paz-Andrade é na de dar continuo alento e apoio aos amigos de alén mar nas súas actividades artísticas ou literarias. Tanto anima a Arturo Souto e a Blanco-Amor para que volvan definitivamente a Galicia como se preocupa da última exposición de Laxeiro en Madrid, ou dunha posible ocupación na capital para Lorenzo Varela, en xeral teimando con todos para que rematen o seu exilio e se radiquen de novo na terra.

Poderíamos citar moitos nomes: Eduardo Blanco-Amor, Bibiano Fernández Osorio-Tafall, Antonio Baltar, Florencio Delgado Gurriarán, Ramón Martínez López, Lorenzo Varela, Arturo Souto, Emilio González López, Xosé Núñez Búa, Luís Seoane, Manuel Colmeiro, e tantos outros. Con todos insistía no tema do retorno, pois para el era fundamental a súa achega á terra da que tiveran que partir:

Nada he conseguido saber del amigo Jesús Bal (e Gay), que no haría nada mal en seguir tu ejemplo en orden al retorno a la tierra. A la cultura gallega y a la española podría prestarle aún servicios de alto valor. Además, es necesario



Unha actividade na que nunca descansa Paz-Andrade é na de dar continuo alento e apoio aos amigos de alén mar nas súas actividades artísticas ou literarias. Tanto anima a Arturo Souto e a Blanco-Amor para que volvan definitivamente a Galicia como se preocupa da última exposición de Laxeiro en Madrid, ou dunha posible ocupación na capital para Lorenzo Varela, en xeral teimando con todos para que rematen o seu exilio e se radiquen de novo na terra.

Valentín Paz Andrade e Lorenzo Varela na Galería Sargadelos de Madrid, en 1977

vivir a gusto con la propia intimidad, mientras le quedan aún energías e ilusiones al que vive la experiencia truncadora de la expatriación involuntaria. (...) Tu hermana tiene una gran ilusión en tu retorno, así como los numerosos amigos que aquí tienes. Los Dieste siguen en Rianxo, encantados. Blanco-Amor regresará también definitivamente en la primavera. Se espera a Seoane en fin de año, y antes a Xavier Bóveda.
Carta a Arturo Souto, 19 de febreiro do 62.

Vemos a Paz-Andrade sempre animando e estimulando (tamén economicamente) o retorno, ou alomenos algunha viaxe eventual; insistindo teimosamente durante anos e anos. E hai que valorar este labor,

calado, continuo e incesante, pois manifesta o seu lado máis humano: “[Os nosos exilados] escribiron un capítulo esgrevio da nosa evolución cultural, ao que temos de facer xustiza”.

Aínda que a amizade e a lealdade caracterizan a biografía de Paz-Andrade, unha das historias de amizade máis fermosas que atopamos foi a que mantivo con Lorenzo Varela. O propio Valentín¹ cóntanos como se coñeceran:

Xa dixen que nos conocemos en Bos Aires no 50². Despois, a nosa relación foi sostida. Sempre escoitei o consello do lírico. (...) No 1976 retornara. O poeta de Torres de amor pasou

1. Calvo, Tucho, *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*, Edicións do Castro, Sada, 1998 [2ª ed. revisada, Biblos, 2011].
2. Cando Paz-Andrade fora convidado polo Centro Galego de Bos Aires a participar nas Xornadas Patrióticas do 25 de xullo.

Valentín Paz Andrade e Lorenzo Varela colaboran nas diferentes reunións da Xunta Consultiva para a redacción do proxecto do Instituto Galego de Información en Santiago, proxecto que xurdira dunha idea de Lorenzo Varela e no que tamén colaboraron Díaz Pardo, Luís Seoane e Ramón Piñeiro.



18 de febreiro de 1977: Lorenzo Varela con Paz-Andrade en Santiago, na primeira reunión da Xunta Consultiva para a redacción do proxecto do Instituto Galego de Información.

aquel primeiro vran no Castro de Samoedo, arrente da trepidante actividade de Isaac Díaz Pardo. Despois radicariáse en Madrid, co pensamento dun retorno definitivo a Galiza. Cando no mes derradeiro do mesmo ano escomenzaran as miñas voadas periódicas á Vila e de novo Corte, as horas descomprometidas foron en boa parte convividas con Lorenzo Varela. Nos meses fríos ben na cafetería do meu hotel, ou no Gijón. Nos quentes, xuntabámonos no terreiro axardinado do mesmo café.

Unha mostra desta fecunda relación vese nunha carta de Lorenzo a Valentín do ano 1967³, na que ademais de darlle algunhas suxerencias para os seus versos, dille: “*Y mantengo lo dicho: creo que eres un gran poeta y que debes ganarle el pleito a los pleitos y ponerte a escribir (también ensayo, y narración y*

recuerdos...). Lo debes a Galicia, a los amigos, y sobre todo a ti mismo. Te lo digo con fría admiración y con fervor fraternal.”

Uns anos antes, en 1960, Lorenzo Varela fixera a súa primeira viaxe a España dende o remate da guerra, coa idea de ver como estaban as cousas para retornar á súa terra. E precisamente quen lle botou unha man, ofrecéndolle un traballo en *Industrias Pesqueras*, acompañándoo a Madrid e compartindo mesa e conversa no día a día foi Paz-Andrade. Pero desta volta non puido ser, e Lorenzo Varela non volveu definitivamente a España ate o ano 1976.

A partir desa data tiveron ocasión de colaborar en diferentes ocasións, por exemplo, nas diferentes reunións da Xunta Consultiva para a redacción do proxecto do Instituto Galego de Información

3. Aparece publicada no *Epistolario* de Valentín Paz-Andrade, Edicións do Castro, Sada, 1997.

en Santiago, proxecto que xurdira dunha idea de Lorenzo Varela e no que colaborou con Díaz Pardo, Paz Andrade, Luís Seoane e Ramón Piñeiro.

Por esta época tamén van coincidir en diferentes actos, como na presentación da revista *Teima* na Galería Sargadelos de Madrid, en febreiro de 1977, da que gardamos esta imaxe:

No 1976 eu andaba ás voltas con dous libros. Un sería A Galecidade na obra de Guimarães Rosa –autor que Varela descubrira na prensa arxentina–. O outro eran poemas, principalmente da Guerra Civil. Aínda non tiña título. Foi el quen o escolleu, dándolle tal función identificatoria a un verso da propia colectánea: “Cen claves de sombra”. E non pararía aí. Primeiro brindouse a compondor o poema que adica ao final do libro. Despois aceptou escribir o limiar. Unha páxina esgrevia, de verdadeiro mestre ate na crítica.

Así relata Paz-Andrade a historia do seu terceiro poemario, *Cen claves de sombra*, que viu a luz nas Edicións do Castro do seu amigo Isaac Díaz Pardo en 1979, con ilustracións de Laxeiro e cuberta de Luís Seoane. Leva tamén un fermosísimo limiar e un epílogo poético do seu gran amigo, o poeta Lorenzo Varela. No revelador limiar, Varela di a propósito da obra:

Hoxe, quero decir agora, nestas páxinas súas, o que importa é a súa calidade de poeta. Eu non sei si lle gustará a Paz-Andrade cando vexa estas liñas, o que vou a decir. Penso que il ten –xa quixera telo eu–, un filio da brétema milagreira que o leva de xionllos ao pé da pedra dos máis lonxanos devanceiros, perto dos druidas. Na lingua da cátedra, se diría que polo tanto entronca coa lembrada poesía bárdica. Na liña de Pondal, inda que pareza, no comenzo, está pousándose no vieiro de Curros. Ou dos portugueses que tanto ama (portugueses ou brasileiros, que para nós, cos debidos respectos, é o mesmo).

Seco. Ferinte. Mesmo xeado. Síntese, cando deixa de ir a pé e monta a caballo do verso, que sabe que a montura i o viaxe son sagrados.

Estes son poemas de un loitador, de un home con coraxe á hora de escribir i a hora de pelexar. Paz-Andrade é un poeta cívico que non arrenega dos seus sentimentos de poeta lírico.

E este é o “Homenaxe cativo a Valentín Paz Andrade”, o epílogo poético que Varela ofreceu ao seu amigo para rematar *Cen claves de sombra*:

Non sei porqué:

Xílgaros.

Veñen e van,

non sei porqué:

Xílgaros.

*Xílgaros que van e veñen
sobor do vento mareiro
do mar de Vigo.*

Gaivotas.

Non sei porqué.

*Branças gaivotas azúis,
sobor do mar de Vigo.*

Non sei porqué.

Non sei porqué, meu amigo.

*Tantos anos de sangue prestado que ninguén
pagará.*

*De camelias nos pazos,
de ledos toxos ferintes.*

E ti e máis eu, meu amigo,

dándolle cada día á morte a súa ración.

Inesperadamente, Lorenzo Varela ía falecer en Madrid pouco despois de escribir o prólogo deste libro: o 25 de novembro do 78. No seu enterro, no cemiterio de La Almudena de Madrid, ía ser acompañado só por uns poucos amigos; dos galegos, Isaac Díaz Pardo e Mimina, a súa muller, Lueiro, Carlos Gurméndez, Rafael Dieste e Carmen Muñoz e Valentín Paz-Andrade. E o que son as cousas da vida, Lorenzo Varela, que tentara dende a súa chegada a España colaborar no xornal *El País*, conseguiu publicar, dous meses despois da

súa morte⁴, un extenso artigo neste xornal; titulábase “Guimarães Rosa y Galicia”, e trataba sobre o libro de Paz-Andrade. Foran as derradeiras páxinas que escribira, e atopouno Paz-Andrade, cun folio aínda na máquina de escribir, ao día seguinte da súa morte.

Algún tempo despois, en 1981 quixo tamén Valentín Paz-Andrade acompañar ao seu amigo no traslado e enterro definitivo na súa terra natal, Monterroso. Para Lorenzo Varela, para honrar a súa memoria, compuxo Paz Andrade o poema titulado “Elexía Lourencina”⁵:

I. EFIXIE TERMINUS

*Encoberto na noite de Babel,
vúu o solerte tronco coronario
a esgadañar a nosa fraternalia.
No voltarán meus ollos, ouvidores
da túa imaxe trasluciente en verbo,
a facer descuberta
do regueiral de sorna requintada,
-escuma da luguesa netorría-,
que a esbarar vin nos fíos da túa barba.
Oub, poema rostral wladerimiano!*

*Estóu a ollal-a baixo das pálpebras,
no marco taboal do cadaleito,
a traveso do vidro.
E foi na perecente molduración
en frío do teu soma,
-cando xa eras samente espello tácito-
onde leer miña alma podería
en rima serenísima transposta,
do teu esgrevio canto persoal,
a estrofa derradeira.*

Buenos Aires, Nadal, 1967

Caro Valentín:

Ahí te dejo tu "Aiza" - como decimos (o decíamos, ya no sé) - en Lugo. Se meca el título que ya es decir: en otro caso sería blasfemia.

Dos sugerencias: 1º - te marqué con lápiz alguna repetición innecesaria. 2º - Yo cambié alguna por otra palabra "novecentista" no imprescindible, que puede sonar a buena oratoria pero dañar la frescura de tus versos. Ejemplo: Natura.

Y mantengo lo dicho: crey que eres un gran poeta y que debes favorecer el pleito a los pleitos y poner a escribir (también en esa y narración y recuerdos...). Lo debo a Galicia, a los amigos,

Te lo digo con fuja administrativa. Perdona. Te lo digo con fuja administrativa. Perdona.

y sabe todo a Ti mismo. y con febril fraternal. Te lo digo con fuja administrativa. Perdona.

Carta de Lorenzo Varela a Valentín Paz Andrade.

II. A VOZ DE PERPETUA

*Do vello Monterroso do Camiño,
chairas centeas, gandos pastorales,
ombreiro da Galiza...
un vento de restrevas largacías
anda a bater as follas de un mensaxen
nas reixas da Almodena.
E nas ondas do ar alporizado
orballadas a fío polas bágoas,
de Perpetua, Lourenzo, de Perpetua,
de Perpetua, tua nai...
a voz te nombra, nombra, nombra...*

4. Publicado en *Grial*, nº 68, Galaxia, Vigo, 1980.

5. Publicado en *El País*, 28 de xaneiro de 1979.